

Os próximos 18 e 19 de outubro a Marcha Mundial das Mulleres, rede feminista internacional que agrupa a mulleres de máis de 150 países, dará un paso máis na súa loita contra a pobreza e a violencia. Delegadas dos cinco continentes acudirán a Vigo para celebrar o VII Encontro Internacional, nunhas xornadas cargadas de reflexión para seguir construíndo un mundo onde sexan erradicadas a pobreza e a violencia. Todas as persoas, mulleres e homes, e colectivos, que comparten estes dous obxectivos, teñen un convite para acompañar as mulleres vindas dos cinco continentes a dar este paso na cidade de Vigo.

Celebraremos actividades que defenden o dereito que teñen os pobos a decidir sobre a súa alimentación, a súa agricultura e pesca, sinalando o papel das mulleres como axentes de Soberanía Alimentaria.

Ademais, poderemos compartir coas delegadas da MMM as rúas de Vigo, nunha manifestación baixo o lema **CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES PARA CAMBIAR O MUNDO, CAMBIAR O MUNDO PARA CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES**

organiza:



colaboran:



- Concello de A Guarda (Concellería de Igualdade)
- Concello de Allariz
- Concello de As Pontes
- Concello de Baiona (Concellería de Igualdade)
- Concello de Coles (Area de Igualdade e Benestar)
- Concello de Gondomar (Concellería de Igualdade)
- Concello de Fene
- Concello de Ferrol
- Concello de Mos (Concellería de Igualdade)
- Concello de Mugarzos
- Concello de Narón
- Concello de Nigrán (Concellería de Igualdade)
- Concello de O Porriño (Concellería de Igualdade)
- Concello de Oleiros
- Concello de Poio
- Concello de Redondela (Concellería de Igualdade)
- Concello de Vigo (Concellería de Educación e Concellería de Participación Cidadá)
- Entrepueblos Barcelona

www.feminismo.info
marchagaliza@gmail.com
 Telf. 986 44 21 94 / 671 695 968

Marcha con nos para mudar o mundo

Vigo, 18 e 19 de outubro de 2008

Foro • Feira • Marcha Soberanía Alimentaria



VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres

FORO INTERNACIONAL DE SOBERANÍA ALIMENTARIA

Sábado 18 de outubro no Auditorio Caixanova, Vigo.

17 h SOBERANÍA ALIMENTARIA, UN DEREITO DOS POBOS, UNHA FERRAMENTA PARA AS MULLERES.

- GLADYS ALFARO (México), representante do CIAM (Centro de Investigación e Acción da Muller Latinoamericana) e delegada do Comité Internacional da Marcha Mundial das Mulleres.
- LIDIA SENRA (Galiza), labrega da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego e de Vía Campesina.
- IRENE LEÓN (Ecuador), socióloga e directora da área de muller de ALAI (Axencia Latinoamericana de Información) e colaboradora de Vía Campesina.

19.30 h CONSTRUÍNDO SOBERANÍA ALIMENTARIA, REALIDADES E PROXECTOS.

- CARIDAD YNARES (Jing) (Filipinas), avogada de Sarilaya-Kasarian Kalayaan e delegada do Comité Internacional da Marcha Mundial das Mulleres
- NANA AICHA CISSÉ (Mali), colaboradora da Coordinadora de Organizacións Campesiñas de Mali e delegada do Comité Internacional da Marcha Mundial das Mulleres.
- DENISE VUILLON (Francia), labrega e representante de AMAP (Association pour le Maintien de l'Agriculture Paysanne en France)
- ROSARIO SÁNCHEZ (Galiza), labrega e representante do proxecto "O Grelo Verde"
- ESTHER VIVAS (Catalunya), representante da "Xarxa de Consum Solidari"

Inscripción gratuíta. Pódese facer a inscrición directamente en www.feminismo.info, ou enviar a folia cos datos ao fax (986)442 195

Tradución simultánea. Imprescindíbel DNI ou pasaporte para retirar auriculares

Aforo limitado, admisión por orde de inscrición.

+info (986) 442194

FEIRA DE SOBERANÍA ALIMENTARIA

18 e 19 de outubro desde as 11 da mañá na Praza da Estrela, Vigo

CARPA 1 COLECTIVOS E PROXECTOS

Espazo dedicado aos colectivos que desenvolven proxectos de soberanía alimentaria en Galiza, con exposición e venda de produtos e realización de obradoiros formativos e divulgativos.

CARPA 2 DEBATES E PROXECCIONS

Espazo dedicado a debates e proxeccións sobre os proxectos de consumo responsable na Galiza, as mulleres do mar como axentes de Soberanía Alimentaria, a seguridade alimentaria e a produción ecolóxica, a artesanía alimentaria...

CARPA 3 PUNTO DE ENCONTRO E FESTA

Espazo dedicado ao encontro, ao descanso e ao lecer. Contará con exposicións, palco para actuacións e ambigú con pequenos refrixerios elaborados con produtos do país, ademais de cafés e infusións comercializadas baixo os principios do Comercio Xusto. Na xornada do domingo, ao remate da manifestación, haberá distintas ofertas de xantar.

MILLADOIRO

Domingo 19 de outubro pola mañá, Vigo

Construción do milladoiro coa participación de todas as delegadas da Marcha Mundial das Mulleres

MANIFESTACIÓN

"CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES PARA CAMBIAR O MUNDO, CAMBIAR O MUNDO PARA CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES.

Domingo 19 de outubro, desde as 12:00hs con saída da Praza do Concello de Vigo

FEMINISTAS NOVAS, NOVAS PERSPECTIVAS NO FEMINISMO INTERNACIONAL

19 de outubro ás 17h. no Centro Social Caixanova, Vigo.

Como parte das actividades organizadas polas mais novas da Marcha, mulleres de diferentes países falarán dos proxectos e campañas que están a realizar no seu territorio, salientando as principais dificultades e logros no seu traballo como xoves feministas, relacións coas compañeiras mais veteranas e as posibilidades de colaboración internacional. Acto aberto a todas as persoas menores de 30 anos.

O protocolo verde da Marcha basease nos principios de **REDUZIR – REUTILIZAR – RECICLAR** e por tanto solicitamos a todas as persoas para facer uso do transporte público, compartir carro ou vir de bicicleta ou a pé; traer as bolsas da casa, e para o xantar do domingo os seus propios utensilios de comida (prato, vaso, cubertos...). Na feira teremos bolsas de tecido e reciclábeis/descompostábeis así como kit de xantar a prezos razoábeis.

Concellos colaboradores tamén están a organizar viaxes en autobús para o domingo 19, pódese obter mais información na paxina web e no teléfono da Marcha.